

Convocatoria do fondo solidario de libros de texto e axudas para material escolar para o curso 2019-2020 (DOG nº 94, do luns 20 de maio de 2019)

Aberto o prazo (ata o 21 de xuño) para participar na Fondo solidario de libros de texto e adquisición de material escolar.

FORMA DE PRESENTACIÓN:

Poderase realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros, <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude. Posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- Presentación no centro : solicitude impresa e anexo II (debidamente asinados), xunto coa documentación.
- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

Tamén se poderá presentar a solicitude no centro cuberta de xeito manual.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA:

a) Anexo II para para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. Cando non se autorice a consulta telemática haberá que achegar DNI ou NIE dos membros computables, declaración da renda 2017, certificado de discapacidade e percepción de pensións por incapacidade.

b) Copia do libro de familia que reflecta a situación dos membros computables a 31 de decembro de 2017. No caso de que houbese cambios xustificárase documentalmente.

c) Certificado do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Situación de violencia de xénero acreditada documentalmente.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) No caso de que o pai, nai ou titor e titoras carezan de DNI, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

A falta de devolución dos libros de texto do curso anterior será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir material escolar no curso 2019-2020.

A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro para o curso 19-20.

Os centros docentes publicarán no taboleiro de anuncios e/ou páxina web a relación das persoas beneficiarias, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.